



NÚMERO DE EXPEDIENTE	PCO.001.2024.00131
CÓDIGO PROXECTO	2023.3.81990.3
DENOMINACIÓN	PSTD: PROXECTO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS

ANEXO 1 - MEMORIA XUSTIFICATIVA DA NECESIDADE DE CONTRATAR

ASUNTO: NGEU_CONTRATACIÓN DO PROGRAMA PARA A EFICIENCIA ENERXÉTICA EN PEMES TURÍSTICAS (DIAGNÓSTICO ENERXÉTICO A RESTAURANTES E ALOXAMENTO) DO PLAN DE SOSTIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS FINANCIADO CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)_PSTD OS FOGÓNS DO ANLLÓNS (E2.A8)

PSTD PROXECTO OS FOGÓNS DO ANLLÓNS	
EIXE	2. Mellora da eficiencia enerxética
ACTUACIÓN	8. Programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnóstico enerxético a restaurantes e aloxamentos)
CODIFICACIÓN	E2.A8

Para superar a grave situación económica que desencadeou a pandemia do COVID 19 a Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea acordaron un plan de recuperación para saír desta crise e sentar as bases para unha Europa moderna e máis sostible. Así, o Consello Europeo puxo en marcha a iniciativa NEXT GENERATION EU (NGEU), estruturada en varios instrumentos, un dos de maior volume é o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, que apoiará reformas e inversións a longo prazo cun impacto duradeiro na produtividade e resiliencia da economía da Unión Europea.

En España o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) traza a folla de ruta para a modernización da economía española e para responder aos retos da próxima década, co fin de mitigar o impacto da emerxencia sanitaria e adaptarse ao novo escenario postpandemia, comportando un importante volume de inversión pública e privada nos próximos anos que se financiará cos citados fondos NGEU.



A quinta política do PRTR está denominada “Modernización e dixitalización do tecido industrial e da PEME, recuperación do turismo e impulso a unha España Nación Emprendedora” e se materializa, polo que respecta o sector turístico, a través do compoñente catorce: “Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico”, cuxo obxectivo principal é transformar e modernizar o sector turístico en España a través da sostibilidade e a dixitalización, aumentando a súa competitividade e resiliencia.

Os catro grandes eixes deste compoñente son:

1. Transformación do modelo turístico hacia a sostibilidade;
2. Programa de dixitalización e intelixencia para destinos e sector turístico;
3. Estratexias de resiliencia turística para territorios extra-peninsulares;
4. Actuacións especiais no ámbito da competitividade;

No primeiro dos eixes é no que se sitúa esta Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos, que pretende situar a sostibilidade como pedra angular da transformación do modelo turístico, que ten o seu reflexo nos Plans Territoriais de Sostibilidade Turística, que a súa vez artellan a súa intervención mediante os Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PSTD), que se constitúen como plans cuxo deseño e execución corresponde aos entes locais de cada un dos destinos, e se orientarán á resolución da problemática dos destinos que esté a súa vez interrelacionada cos obxectivos previstos na Estratexia de Sostibilidade Turística en Destinos e cos de máis obxectivos estratéxicos estatais e autonómicos en materia de turismo.

A Deputación Provincial da Coruña presentou na convocatoria do 2022 o PSTD extraordinario supramunicipal:

- Proxecto Os Fogóns do Anllóns que implica aos municipios de Cabana de Bergantiños, Carballo, Coristanco, A Laracha e Ponteceso.

Este proxecto está dirixido a incrementar a sostibilidade e capacidade operativa do territorio o dos seus xestores, reforzando a colaboración público - privada para respostar á caída da demanda e á necesaria adaptación do destino turístico consecuencia da crise sanitaria global.



A solicitude do PSTD para o Proxecto Os Fogóns do Anllóns foi aprobada e formalizada mediante Resolución de 19 de decembro de 2022, da Secretaría de Estado de Turismo, na que se publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, de 14 de decembro de 2022, polo que se fixan os criterios de distribución, e o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado á financiamento de actuacións de investimento por parte de entidades locais, no marco do Compoñente 14 Investimento 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O aporte para o PSTD Os Fogóns do Anllóns foi de 1.500.000,00 euros divididos en 3 anualidades, coas súas correspondentes accións e partidas económicas, sen que se contemple a posibilidade de prórroga máis alá da finalización dos mencionados 3 anos.

Dentro das propostas de actuación do PSTD Os Fogóns do Anllóns atópase a contratación do programa para a eficiencia enerxética en pemes turísticas (diagnóstico enerxético a restaurantes e aloxamentos), que consistirá na realización dunha diagnose de enerxética e na formación das pemes participantes no programa de cara a acadar unha redución de polo menos un 30 % das emisións directas e indirectas de gases de efecto invernadoiro en comparación coas emisións ex ante.

Deste xeito, serán labores propios da adxudicataria:

- Efectuar unha auditoría de consumo e eficiencia enerxética a un mínimo de 15 e un máximo de 20 establecementos participantes no programa;
- Redactar un informe por establecemento que recolla, baseándose nas accións previas, propostas de mellora enerxética orientadas a acadar unha redución de polo menos un 30 % das emisións directas e indirectas de gases de efecto invernadoiro en comparación coas emisións ex ante;
- Realizar formación e asesoramento das persoas titulares dos establecementos participantes no programa, ou en quen elas deleguen, relativa ás propostas de mellora enerxética;
- Efectuar un seguimento de eficiencia enerxética nos establecementos participantes no programa;



- Redactar un informe final no que se cuantifique o aforro enerxético e acredite o cumprimento do obxectivo de reducir de polo menos un 30 % das emisións directas e indirectas de gases de efecto invernadoiro en comparación coas emisións ex ante.

Dada a estrutura da Deputación Provincial da Coruña, a inexistencia de medios propios suficientes e a natureza das accións contempladas nesta actuación, considérase oportuno a realización dunha contratación que permita un apoio externo a esta Administración, de acordo tanto coas prescricións deste tipo de actuacións como do resto de normativa nacional e europea aplicábeis.

O PSTD Os Fogóns do Anllóns está financiado con fondos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia-Financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU (PRTR).